



*CARLÍN (SANTA MARÍA)



Parroquia situada ao norte de Friol que conta con 49 habitantes repartidos en 7 entidades de poboación: Argá de Arriba, Argá de Abaixo, A Cabana, Carlín, A Devesa, A Pena do Muíño e Tain. Conta cunha superficie de 10,6 /km² e a súa densidade de poboación é de 4,62 hab/km².



FRIOL
PQ. CARLÍN

Nesta freguesía adquiren moita importancia as construcións relixiosas, posto que xa no século X apareceu nomeada nos Tumbos de Sobrado (Nicandro Ares, 2011) a *ecclesia de Carlím*. Xunto a esta, érguese a capela da Nosa Señora do Ermo, un santuario de tradición mariana que celebra unha festa cada 25 de marzo na honra desta virxe. A palabra «ermo» provén da voz latina *eremus*, que significa solitario ou deserto, e que se relaciona co vocábulo «ermida» (do latín *eremita*, termo derivado de *eremus* e este do grego *ἐρημος*) que se se refire a unha capela ou santuario situado nun lugar despoboado.

O topónimo de **Carlín**, que pertence tanto á parroquia como a un dos seus lugares, aparece xa nomeado na forma coa que o coñecemos hoxe en día no século XIII nuns documentos medievais lucenses, como afirma N. Ares. Carlín viría do antropónimo *Carolus/Carulus*, é dicir, «Carlos», un nome cuxa orixe exacta se descoñece aínda que se pensa que é xermánico e que procede de *Kart* («home libre»). Outra das posibilidades é que derive do latino *Carus* que significa «querido ou prezado», aínda que a falta do «-l-» no termo de orixe debilita esta hipótese.

Os lugares de **Argá de Abaixo** e **Argá de Arriba** fundaméntanse na posible existencia dunha *Villa Argana* propiedade dun tal *Arga*. Diferéncianse, coma moitos outros pobos galegos, na simetría abaixo/arriba, evolucionada dos latinos *bassus/ripa*. Este topónimo non é frecuente na xeografía galega nin na española. De feito, os dous únicos exemplos que atopamos son os analizados, o que fai aínda máis difícil determinar a súa orixe con claridade.

A **Cabana** está claro que provén da palabra latina *capanna* derivada do verbo *capere*, que significa «caber».

A **Pena do Muíño** refírese seguramente a un antigo muíño que había na zona (do lat. *molinum*) no cal as tarefas de moer se levaban a cabo cunha pedra, neste caso «pena» do latín *pinna* ou *penna*, que designa unha aleta no seu significado inicial pero que rematou por darlle nome a un saínte do terreo ou dunha fortificación. Xeralmente o termo *molinum* funciona como adxectivo eacompañia ao substantivo *saxum* de forma que o sintagma resultante se refire á pedra molar, é dicir, a pedra xiratoria existente nos muíños tradicionais. En realidade, o vocábulo que se empregaba para designar este edificio era o de *pistrinum*.

Por último, **Taín** procede do antropónimo *Taginii*, xenitivo de *Taginius*, un antigo posuidor de terreos da Idade Media.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis